

INFORME SECTORIAL AUGAS DE GALICIA**ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL E DA SEPARATA DE AUGAS DE GALICIA DO PARQUE EÓLICO MONTE INXEIRO (IN408A 2017/25)****UBICACIÓN: CONCELLOS DE ORDES E CERCEDA (A CORUÑA)****SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE A CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN****PROMOTOR: GREEN CAPITAL POWER, SL****Obxecto**

O obxecto deste informe é dar resposta á solicitude do 29 de setembro de 2021, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, referente á obtención de informe, dentro das competencias de Augas de Galicia, sobre o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Monte Inxeiro de 38,115 MW, de setembro de 2021, e sobre a Separata de Afeccións a cauces de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade) do Parque Eólico Monte Inxeiro, de setembro de 2021, en cumprimento do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, do artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e nos artigos 127 e 131 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e demais normativa vixente de aplicación.

Segundo se indica na documentación aportada, o Estudo de Impacto Ambiental realízase en cumprimento do Capítulo II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e pretende ser o documento básico para predicir e xestionar os potenciais impactos derivados da execución do Proxecto do Parque Eólico Monte Inxeiro, dentro do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental do mesmo.

A Separata ten por obxecto informar a Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade) das características fundamentais do parque, así como obter os permisos aos que houber lugar. Para tal fin, leva a cabo unha descrición xeral das características do parque e dos traballos a realizar, achegando ademais os planos que complementan os datos aportados no documento.

Antecedentes

O 29 de setembro de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no DOG N° 188 o Acordo do 22 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, en concreto, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte Inxeiro, nos concellos de Ordes e Cereda (A Coruña) (expediente IN408A 2017/25).

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, con data 10 de novembro de 2021, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Centro de Augas de Galicia en Santiago de Compostela realiza unha visita de campo e emite o correspondente informe de afeccións do Proxecto do Parque Eólico Monte Inxeiro (Cereda e Ordes) ao Dominio Público Hidráulico.



Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Análise da documentación

A documentación aportada para o presente informe é a seguinte: **“Separata Afecciones a cauces del Proyecto Parque Eólico Monte Inxeiro. Septiembre 2021”**, asinada polo enxeñeiro industrial D. Salvador Camarasa Segura da empresa Técnica y Proyectos SA, colexiado do ICOIIV nº 4901, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Aragón e La Rioja en data 07/09/2021, que inclúe unha memoria, planos e un apéndice (Anexo 5. Hidroloxía e drenaxe), e **“Estudio de Impacto Ambiental referido al Proyecto de Ejecución Parque Eólico Monte Inxeiro”**, no Concello de Ordes de setembro de 2021, redactado e asinado en setembro de 2021 por un equipo multidisciplinar da empresa Emberiza Estudios Ambientales, SL, que inclúe unha Memoria, Planos e Anexos. (Anexo 1. Plano de Situación Xeral, Anexo 2. Planta Xeral do Parque Eólico Monte Inxeiro E1:5.000, Anexo 3. Planta Xeral sobre ortofoto, Anexo 4. Plano Hidroloxía, Anexo 5. Plano de Vexetación, Anexo 6. Plano de hábitats, Anexo 7. Plano de Vixilancia ambiental: aves, quirópteros e puntos de control de ruídos, Anexo 8. Estudo preoperacional de aves e quirópteros, Anexo 9. Estudo de Efectos acumulativos, Anexo 10. Estudo de impacto cultural, Anexo 11. Estudo de Modelización do impacto acústico, Anexo 12. Estudo de Flickering e Incidencia sobre a saúde e a poboación humana, Anexo 13. Estudo de Impacto e Integración paisaxística, Anexo 14. Plan de restauración, Anexo 15. Estudo de Impacto Turístico, Anexo 16. Esquemas Eléctricos (Esquema Unifilar liña e PE Monte Inxeiro), Anexo 17. Reportaxe Fotográfica, Anexo 18. Estudo de campos magnéticos SET Monte Inxeiro.) Todo elo en formato dixital.

A continuación descríbense as obras do parque eólico segundo a documentación aportada.

O proxecto do Parque Eólico Monte Inxeiro sitúase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico ORDES definida no Plan Sectorial nos Concello de Ordes e Cerceda, ambos na provincia de A Coruña.



O parque está formado por 11 aeroxeradores tipo Gamesa SG132 HH114/134 ou similar de 3,465 MW cun diámetro de rotor de 132 m. Cinco deles teñen una altura de buxeiro de 114 m e seis de 134 m. As coordenadas UTM dos aeroxeradores son as seguintes:

COORDENADAS UTM AEROXERADORES PARQUE EÓLICO MONTE INXEIRO (ETRS89 FUSO 29)		
Aeroxerador	UTM X (m)	UTM Y (m)
MI01	543.799	4.775.373,49
MI02	544.189	4.775.900,49
MI03	544.517	4.775.772,49
MI04	544.837	4.775.597,49
MI05	545.251	4.775.554,49
MI06	545.526	4.775.388,49
MI07	545.812	4.775.157,49
MI08	545.907	4.774.856,49
MI09	544.980	4.774.002,49
MI10	545.295	4.773.713,49
MI11	545.663	4.773.513,49

Dentro do proxecto contéplase a instalación dunha torre meteorolóxica. As súas coordenadas recóllense na seguinte táboa:

COORDENADAS TORRE PE MONTE INXEIRO (ETRS89 FUSO 29)		
	UTM X (m)	UTM Y (m)
MITP	545.464	4.775.672,49

Prevese a execución dunha rede de 30 kv, constituída por 3 circuitos para a evacuación da enerxía xerada polos aeroxeradores. Para levar a cabo a evacuación prevese a construción dunha subestación denominada SET 220/30 kV Monte Inxeiro, situada no termo municipal de Ordes. As coordenadas da subestación do parque son as que a continuación se detallan:

COORDENADAS UTM SET MONTE INXEIRO (ETRS89 FUSO 29)		
Punto	UTM X (m)	UTM Y (m)
P1	543.475,00	4.772.586,49
P2	546.875,00	4.772.586,49
P3	546.875,00	4.777.386,49
P4	543.475,00	4.777.386,49
SUBESTACIÓN	545.318	4.775.148,49

O proxecto inclúe tamén a execución das cimentacións de 2 apoios da liña aérea de alta tensión 220 kV necesaria para evacuar a enerxía eléctrica dende a subestación do parque ata o apoio 83 da LAT Campelo-Mesón do Vento.

As coordenadas UTM dos apoios indícanse a continuación:



COORDENADAS PUNTOS LAT MONTE INXEIRO (ETRS89 FUSO 29)		
Punto	UTM X (m)	UTM Y (m)
Apoio nº 83 LAT Campelo - Mesón do Vento	545.233,64	4.774.870,52
Apoio nº2	545.236,19	4.774.920,21
Apoio nº1	545.319,45	4.775.054,03
Pórtico	545.303,82	4.775.108,87

A obra civil que se proxecta, comprende as seguintes actuacións:

- Accesos e viais interiores

Para o acceso as instalación do parque definíronse un total de once viais cunha lonxitude total de 7.560 metros. Dentro destes viais, desenvóléronse cinco viais principais de acceso ao parque eólico, os cales teñen a súa orixe na estrada AC-408. Os viais principais son:

- MI-VIAL-01 situado ao norte do parque eólico, da acceso aos aeroxeradores do MI-01 ao MI-05.
- MI-VIAL-06, da acceso as posicións que se sitúan ao sur que son do MI-09 ao MI-11.
- MI-VIAL-07, de acceso ao aeroxerador MI-07.
- MI-VIAL-08, de acceso ao aeroxerador MI-06.
- MI-VIAL-09, de acceso ao aeroxerador MI-08.

Por norma xeral, os viais de interconexión entre posicións terán un ancho mínimo de 5 m excepto no vial de acceso á torre de medición e nos de acceso aos apoios da liña de evacuación que serán de 4 m. En tramos curvos, adoptárase un sobreancho de 1 m que se realizará cunha transición de 30 m nos tramos rectos anterior e posterior á curva.

O firme dos viais deberá estar deseñado para soportar unha carga mínima de 12 T por eixo que corresponde a 180 kN/m² e todo o paquete de material do firme deberá ter un grado de compactación ao 98 %PM. No EIA aparecen definidas varias seccións de firme en función das características do terreo existente (novo vial en firme granular, en aglomerado ou ampliación de vial existente granular ou aglomerado).

- Cimentación dos aeroxeradores

Debido a existencia de dous modelos de aeroxerador a instalar, considéranse dous deseños de cimentación: a cimentación tipo para a torre de 114 m de altura de buxeiro é circular de 21 m de diámetro cun pedestal de formigón tamén circular de 5,50 m de diámetro na parte central da mesma; no caso da cimentación para a torre de 134 m, a cimentación elixida é circular de 22 m de diámetro e cun pedestal no centro das mesmas características que o anterior. Nos dous casos descritos, no pedestal disporanse as bridas dos ancoraxes postesados.

A altura total das cimentacións será de 3 m. A zona da cimentación restaurarase posteriormente con material procedente da escavación.

- Plataformas de montaxe

As dimensións das plataformas definíronse segundo a especificación técnica facilitada polo subministrador do aeroxerador e varían en función da altura da torre en cada posición, sendo



diferentes nas posicións MI04, MI06, MI07, MI08 e MI011 (tipo T114M Semisoft). No resto das posicións a plataforma é do tipo T134M Semisoft.

En todas elas distínguense as seguintes áreas: zona de almacenaxe de tramos de torre, zona de provisión de pas e zona de montaxe do guindastre principal. Situaranse anexas ao vial e terán unha pendente transversal nula e unha pendente lonxitudinal non superior ao 1%. Nalgunhas posicións tamén está contemplada unha zona para a montaxe da pluma do guindastre.

- Gabias para cableado

Todos os circuítos de interconexión dos aerogeradores, tanto os de media tensión como a rede de fibra óptica e o cable de terra, discorrerán directamente enterrados en gabias. As gabias que discorran paralelas aos terán unha profundidade aproximada de 1,2 m e de 1,5 m as que discorran campo a través. Nos cruzamentos con viais ou drenaxes, a gabia irá formigonada e os cables tenderanse en tubos de PE de dobre capa de alta densidade de 200 mm de diámetro para os cables de potencia e de 90 mm de diámetro para o cableado de comunicacións e de rede de terras. En todo o percorrido das gabias instálanse fitos de sinalización cada 50 metros e en cambios de dirección.

- Torre meteorolóxica

Instalarase unha torre meteorolóxica de 136 m de altura con función de torre permanente e con capacidade autoportante e que estará conectada co sistema de control e monitorización do parque eólico.

Será de tipo celosía autosoportada e levará instalado na súa parte superior un pararraios. A cimentación da torre meteorolóxica consistirá nunha zapata de planta cadrada de 10 m de lado e 0,50 m de canto, con tres pedestais de 1,5 m de altura onde se aloxarán os pernos para ancoraxe das tres patas da torre.

- Instalacións auxiliares

Prevense a execución no parque dunhas instalacións auxiliares que unha vez rematadas as obras as que non sexan necesarias para tarefas de mantemento, serán restauradas e revexetadas. Son:

- Zonas de xiro que permitan o xiro dos vehículos unha vez descargados.
- Zona de cruzamento para facilitar as manobras de paso dos vehículos.
- Zona de provisión e de casetas de obra de dimensións 50x50 m situada xunto ao vial MI-VIAL-01.

- Subestación e edificio de control

A subestación Monte Inxeiro disporá dun edificio de control e dun parque de intemperie. O edificio terá unhas dimensións de 30,73*12,10 m en planta e 4 m de altura útil. Terá salas independentes para distintos usos: salas de operación PE, aseo-vestiario, cociña, sala de control de subestación, sala de servidores, sala de celas e almacén. O parque de intemperie estará composto por unha posición de transformador de potencia 220/30 kV e dos posicións de liña.

- Liña de evacuación

A liña de evacuación da enerxía do parque eólico Monte Inxeiro ten a súa orixe no pórtico da subestación do parque e remata no apoio 83 da LAT Campelo-Mesón (denominado como apoio nº3 na documentación do EIA e da Separata). A nova liña será de dobre circuíto e terá unha lonxitude total de 252,26 m e unha tensión entre fases de 220 kV.



Os apoios a empregar na construción da liña aérea serán de tipo metálico de celosía e a súa cimentación executarase mediante macizos de formigón en masa HM/B/20/IIa.

O acceso aos apoios realizarase mediante a rede viaria deseñada, terán 4 m de anchura e consistirá na regularización do terreo (despexe, roza e nivelación) naquelas zonas onde non haxa camiño existente e onde haxa, empregárase o existente. En este último caso, está previsto que cando non reúna as características necesarias para o tránsito de maquinaria de obra, será acondicionado para elo e totalmente restaurado ao remate das obras.

No tocante ás afeccións ao medio hídrico, segundo a Separata indícase que a interceptación dos cauces de auga polos viais do parque eólico resolvéronse mediante pasos de auga/vados e/ou tubaxes nas zonas onde se prevé o paso do fluxo. Para os puntos onde se producen os devanditos cruzamentos explica que se deseñou unha rede de drenaxe transversal con 14 actuacións que aparecen detalladas aínda que non veñen referidos os cauces interceptados.

Segundo o EIA presentado, no seu apartado 9, indícase que a área de implantación do parque eólico atópase dentro do sistema de explotación nº6 RIO TAMBRE E RÍA DE MUROS E NOIA da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Explica ademais que a maior parte do ámbito de estudo sitúase na bacía do río Tambre e nas subbacías do Río Lengüelle, do Río Portigo de Vilasén, do Rego de A Fraga ou Mercurín e do encoro de San Cosmade ou Vilasén. En relación ás áreas fluviais inundables, non se atopan afectadas localizándose a máis próxima a uns 1,9 km cara o sur das instalacións.

O EIA, no seu apartado 4.2, inclúe a identificación e valoración de impactos sobre a hidroloxía durante a fase de construción, resaltando aqueles que terán unha maior incidencia como son os traballos relativos á instalación de aeroxeradores e a apertura de viais ou de gabias en zonas próximas a cursos de auga. Asegura neste apartado que os elementos da instalación se localizan fora da zona de policía dos cauces existentes, excepto nos seguintes casos:

CURSOS FLUVIAIS, INFRAESTRUTURAS DO PARQUE EÓLICO E VALORACIÓN DE IMPACTOS			
Curso fluvial	Infraestrutura máis próxima	Distancia (m)	Valoración do impacto
Rego innominado 17	Cruzamento da gabiá de cableado por vial existente e plataforma MI01	0	SEVERO
Rego innominado 13	Plataforma MI07	60	SEVERO
Rego de Lesta	Plataforma MI05	60	SEVERO
Rego innominado 16	Vial existente a acondicionar de acceso ao MI01	90	MODERADO
Rego innominado 18	Cruzamento do vial existente a acondicionar e distancia ao MI08	90	MODERADO

Durante a fase de explotación, explica o EIA no subapartado 4.3.3 que como resultado dos cambios acontecidos na topografía da zona debido aos traballos executados, poderán verse modificadas as condicións da drenaxe, pero que cun deseño axeitado de obras de drenaxe transversal e de cunetas, non son previsibles efectos de magnitude relevante e clasifica o seu impacto como COMPATIBLE.

No anexo nº 4 aporta o plano da Planta de Hidroloxía onde recolle graficamente a rede fluvial considerada e a traza do parque eólico e as interaccións que existen entre ambas.



En canto ás medidas correctoras previstas para reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais significativos, no caso da hidroloxía, o documento recolle no subapartado 5.4 unha serie de medidas protectoras.

O documento ambiental inclúe tamén un Programa de Vixilancia Ambiental para garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras, e un Plan de restauración das zonas afectadas polas obras no apartado 6 da memoria.

INFORME:

Polo tanto, á vista da documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto deste informe.

Rede Fluvial

O Parque Eólico Monte Inxeiro atópase situado no concello de Ordes, na provincia de A Coruña. A poligonal do mesmo sitúase dentro da ADE Ordes dentro do ámbito de actuación da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. O sistema de explotación no que se sitúa dita infraestrutura é o 6 "RÍO TAMBRE E RÍA DE MUROS E NOIA".

Discorren, próximos ás actuacións definidas na documentación achegada, os seguintes cauces fluviais codificados por Augas de Galicia: O Río Lengüelle (204038) e os seus afluentes, Río do Pórtigo de Vilasén (20403803), Rego de Reboredo (20403809), Rego de Lesta (20403807), Rego de Uceira (2040380303) e Rego de A Fraga ou Mercurin (204381104). Os encoros máis próximos á zona de implantación do parque son o encoro de San Cosmade ou Vilasén a uns 1,8 km ao noroeste do parque e o encoro de Vilagudín a 3,8 Km ao suroeste do parque. Pódese consultar e contrastar estes extremos na web de Augas de Galicia <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

Vista a documentación presentada, e segundo o visor de Augas de Galicia, consultada a rede de detalle actualizada 2019 da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa, detéctase un cruzamento a un rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807) polo vial MI-VIAL-06 e pola gabia de cableado de interconexión do parque así como a afección á zona de policía doutro rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807) polo vial MI-VIAL-01 pola gabia de cableado. Asemade, detéctase a afección dun rego innominado do Rego de Uceira (2040380303) polo vial de acceso e a zona de provisión de pas do aeroxerador MI07.

No anexo nº 4 do EIA aportase un plano da Planta de Hidroloxía que recolle graficamente unha rede fluvial que non figura no visor de Augas de Galicia. Asimesmo, no plano nº9 "Drenaje: Planta General" da Separata detéctanse importantes afeccións á zona de servidume de cauces non coincidentes coa rede fluvial da DHGC. Analizadas as interaccións entre ditas redes e a traza do parque eólico atópanse afeccións á zona de servidume e Dominio Público Hidráulico por parte da zona de montaxe do guindastre no aeroxerador MI01 e o voo das pas dos aeroxeradores MI03, MI04, MI05, MI06, MI10 e MI11.

Co obxecto de comprobar a realidade existente e de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, con data 10/11/2021, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Centro de Augas de Galicia en Santiago de Compostela, realiza visita de campo e emite o correspondente informe acerca da actuación do Parque Eólico Monte Inxeiro. Na visita compróbase que os puntos de afección á zona de servidume que se detectan segundo a documentación gráfica aportada polo



promotor non se corresponden con ningún cauce da rede fluvial da DHGC. Por outra banda, o informe indica a existencia do cruzamento dun rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807) polo vial MI-VIAL-06 que será obxecto de ampliación no punto de cruzamento. Visto o resultado da visita de gardería, o Xefe Territorial da Demarcación Centro de Galicia Costa emite informe no que se conclúe que a rede hidrográfica existente na zona de implantación do Parque Eólico Monte Inxeiro é coincidente coa rede fluvial de detalle actualizada 2019 da DHGC.

Por tanto, á vista das conclusións do informe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Centro, deberá corrixirse a documentación do Estudo de Impacto Ambiental, así como da Separata de Augas de Galicia e demais documentación do proxecto do parque eólico Monte Inxeiro, facendo constar a información relativa á rede fluvial da DHGC que se pode consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

A continuación enuméranse as afeccións ao medio hídrico por parte das instalacións do parque eólico proxectadas, detectadas segundo o visor indicado e a documentación achegada, así como as consideracións realizadas no informe da visita de campo do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Centro de Augas de Galicia:

Nº	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no Estudo de Impacto Ambiental e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e na visita de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
1	Rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807)	Zona de Policía	O EIA identifica no apartado 4.2.3.1, o cruzamento do Rego Innominado 17 pola gabia de cableado no vial existente e na plataforma MI01. O EIA identifica no anexo 4: "Planta de Hidrología": - a afección á zona de policía dun dos canais de drenaxe do rego innominado 17 por parte da cimentación, do vial de acceso, da gabia de cableado, da plataforma, da zona de provisión de pas e da zona de montaxe da pluma do guindastre do aeroxerador MI01 - a afección á zona de servidume do devandito canal por parte da zona de montaxe da pluma do guindastre. -o cruzamento e a afección á zona de policía de varios dos canais de drenaxe do rego innominado 17 descritos na documentación polo vial MI-VIAL-01. A Separata, no plano nº 9 folla 5 "Drenaje: Planta General" (de agora en diante DPG), identifica o cruzamento do cauce da cunca 09 polo vial MI-VIAL-01 e a colocación da ODT Nº8. A Separata, no plano nº 9 folla 6 DPG, identifica o cruzamento do cauce da cunca 09 pola zona de montaxe de pluma do guindastre na posición MI01.	Afección á zona de Policía do Rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807) polo vial MI-VIAL-01 do parque e a gabia de cableado entre os puntos do eixo do viario (X=544.103; Y= 4.775.323) e (X=544.311,1; Y=4.775.370,5). No informe da visita de campo do 10/11/2021, indícase que non se detecta nas zonas que se indican na documentación do promotor ningunha afección ao DPH.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no Estudo de Impacto Ambiental e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa de rede fluvial detalle da actualización 2019 e na visita de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
2	Rego innominado tributario do Rego de Ouceira (2040380303) (Denominado Rego de Uceira segundo a rede fluvial actualizada 2019)	Zona de Policía	O EIA identifica no apartado 4.2.3.1 a afección ao Rego Innominado 13 pola plataforma MI07. O EIA identifica no anexo 4: "Planta de Hidrología" a afección á zona de policía do Rego Innominado 13 por parte do vial de acceso, da plataforma e da zona de provisión de pas do aeroxerador MI07.	Afección á zona de Policía do Rego innominado tributario do Rego de Uceira (2040380303) polo vial de acceso e a zona de provisión de pas do aeroxerador MI07 entre os puntos (X=545.882,9; Y=4.775.288,4) e (X=545.875,3; Y=4.775.197,7).
3	Rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807)	Cruzamento e Zona de Policía	O EIA identifica no apartado 4.3.2.1 o cruzamento do Rego Innominado 18 polo vial existente a acondicionar. O EIA identifica no anexo 4: "Planta de Hidrología" o cruzamento do Rego Innominado 18 polo vial de acceso aos aeroxeradores MI09, MI10 e MI11. A Separata, no plano nº9 folla 13 DPG, identifica o cruzamento do cauce da cunca 11 polo vial MI-VIAL-06 e a gabia de cableado.	Afección á zona de Policía do Rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807) pola vial do parque MI-VIAL-06 de acceso aos aeroxeradores MI09, MI10 e MI11 e pola gabia de cableado entre os puntos do eixo do vial (X=545.217; Y=4.774.238) e (X=545.206; Y=4.774.001). Cruzamento do Rego innominado tributario do Rego de Lesta (20403807) pola vial do parque MI-VIAL-06 de acceso aos aeroxeradores MI09, MI10 e MI11 e pola gabia de cableado no punto (X=545.209; Y=4.774.103). No informe da visita de campo do 10/11/2021 indícase o cruzamento do vial denominado na documentación como MI-VIAL-06 cun rego innominado afluente do Rego de Lesta (20403807) no punto (X=545.209; Y=4.774.103).
4	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	O EIA identifica no apartado 4.2.3.1 a afección ao Rego de Lesta pola plataforma MI05. O EIA identifica no anexo 4: "Planta de Hidrología": - a afección á zona de policía do Rego de Lesta pola cimentación, a plataforma, a zona de provisión de pas, o vial de acceso e a gabia de cableado do aeroxerador MI05. - a afección á zona de servidume do Rego de Lesta polo voo das pas do aeroxerador MI05. A Separata, no plano nº 9 DPG, identifica: - parte do voo das pas do aeroxerador MI05 en zona de servidume dun cauce innominado. - o cruzamento do devandito cauce pola gabia de cableado, polo vial MI-VIAL-08 (de acceso ao aeroxerador MI06) e pola zona de montaxe de pluma do guindastre.	Non se detecta afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indícase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no Estudo de Impacto Ambiental e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e na visita de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
5	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	O EIA identifica no apartado 4.2.3.1 a afección ao Rego Innominado 16 polo acondicionamento do vial existente de acceso ao aeroxerador MI01.	Non se detecta afección no visor.
6	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	O EIA identifica no apartado 4.2.3.1 o cruzamento do Rego Innominado 18 polo vial existente a acondicionar de acceso ao aeroxerador MI08. O EIA identifica no anexo 4: "Planta de Hidrología" a afección á zona de policía do Rego Innominado 18 por parte da plataforma e da cimentación do aeroxerador MI08.	Non se detecta afección no visor.
7	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	O EIA identifica no anexo 4: "Planta de Hidrología" a afección á zona de policía dun Rego innominado pola plataforma, por parte do vial e da zona de montaxe de pluma do guindastre do aeroxerador MI02.	Non se detecta afección no visor.
8	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº 9 folla 2 DPG, identifica parte do voo das pas do aeroxerador MI04 en zona de servidume do cauce da cunca 02.	Non se detecta a afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indícase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.
9	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº 9 folla 3 DPG, identifica parte do voo das pas do aeroxerador MI04 en zona de servidume do cauce da cunca 03.	Non se detecta a afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indícase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.
10	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº 9 folla 3 DPG, identifica o cruzamento do cauce da cunca 04 polo vial MI-VIAL-03 e a colocación dunha ODT Nº3. Na Separata, no plano nº9 folla 7 DPG, identifica a afección á zona de servidume do cauce da cunca 04 de parte do voo das pás do aeroxerador MI03.	Non se detecta a afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indícase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no Estudo de Impacto Ambiental e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e na visita de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
11	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº9 folla 7 DPG, identifica a afección á zona de servidume do cauce da cunca 05 de parte do voo das pás do aeroxerador MI03 e a colocación da ODT Nº 4 no cruzamento dun cauce co vial MI-VIAL-02.	Non se detecta a afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indicase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.
12	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº9 folla 8 DPG, identifica o cruzamento do cauce da cunca 06 polo vial MI-VIAL-02 e a colocación da ODT Nº5.	Non se detecta a afección no visor.
13	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº9 folla 4 DPG, identifica o cruzamento do cauce da cunca 07 polo vial MI-VIAL-01 e a colocación da ODT Nº6.	Non se detecta a afección no visor.
14	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº9 folla 9 DPG, identifica a afección á zona de servidume dun cauce innominado por parte do voo das pás do aeroxerador MI06.	Non se detecta a afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indicase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.
15	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº9 folla 14 DPG, identifica a afección á zona de servidume do cauce da cunca 12 por parte do voo das pás do aeroxerador MI10.	Non se detecta a afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indicase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.
16	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº9 folla 15 DPG, identifica a afección á zona de servidume do cauce da cunca 14 por parte do voo das pás e da plataforma do aeroxerador MI11.	Non se detecta a afección no visor. No informe da visita de campo do 10/11/2021, indicase que non se detecta nos puntos que se indican ningunha afección ao DPH.



Nº	Curso fluvial afectado (segundo o visor)	Cruce/Zona de Policía (segundo o visor)	Tipo de afección descrita no Estudo de Impacto Ambiental e na Separata	Tipo de afección detectada no visor de Augas de Galicia na capa rede fluvial detalle da actualización 2019 e na visita de campo (coordenadas UTM ETRS89 H29)
17	Non se detecta curso fluvial no visor	Zona de Policía	Na Separata, no plano nº9 folla 17 DPG, identifica o cruzamento do cauce da cunca 15 polo vial MI-VIAL-06 no acceso ao aerorizador MI09 e pola zona de montaxe de pluma do guindastre na antedita posición.	Non se detecta a afección no visor.

No referente á liña de evacuación non se refiren na documentación afeccións a bens en Dominio Público Hidráulico. Comprobado no visor de Augas de Galicia, tampouco se observa ningunha afección da liña nin dos accesos aos apoios.

Cómpre sinalar que no caso de que existan cursos fluviais, cunha conca de aportación inferior a 1 km², ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Para a execución de novos camiños de acceso, modificacións dos existentes ou construción de gabias que requiran actuacións localizadas en zona de Dominio Público Hidráulico ou en zona de policía deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Deberase cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC, e segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia. Á solicitude de autorización deberán unirse, ademais unha memoria na que se describan técnica e construtivamente as obras, planos de planta, seccións tipo, e perfís transversais, onde se reflentan as actuacións a realizar e as marxes dos cauces así como a zona de servidume e policía. Deberán igualmente definirse construtivamente os cruces dos cauces no caso de que se modifiquen os existentes, ou se realicen novos cruces. Nese momento procedemental poderase solicitar por parte de Augas de Galicia tanta documentación se considere necesaria.

Do mesmo xeito, indicar que no caso de que a superficie destinada a aloxar o campamento de obra e o punto limpo se sitúe en zona de policía, deberase solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Igualmente, no caso de que se realicen talas de árbores en zona de servidume, segundo o establecido no artigo 7 do RDPH se deberá solicitar autorización administrativa a Augas de Galicia.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH calquera actuación precisará autorización administrativa do Organismo de Conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro Organismo da Administración.



Zonas protexidas

Analizada a documentación aportada, as actuacións propostas non afectan a ningunha das zonas protexidas recollidas no Catálogo de zonas protexidas do PHGC aprobado por R.D. 11/2016 de 8 de Xaneiro.

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

No tocante ás Zonas de Captación para Abastecemento Humano recollidas no PHGC, non se atopan captacións próximas ás actuacións previstas (considerando unha distancia de 500 m ao redor das obras). No que respecta ás zonas protexidas a nivel internacional, salienta que ao noroeste do parque a 4,55 km a zona de Transición da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo".

En canto as áreas protexidas a nivel europeo, atópase a Zona Sensible, "Encoro de Vilasenín ou San Cosmade" (ESRI1220) a 1,8 km ao nordeste do parque. Dentro desta clasificación, detéctase que o aeroxerador MI07 e parte do voo do aeroxerador MI08 localízanse dentro da zona de Captación de Zona Sensible denominada "ESCM1220".

Por outra banda, non hai ningunha Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) nas proximidades. No tocante ás áreas protexidas a nivel estatal ao autonómico, non existe ningunha zona incluída nesta clasificación que se atope na zona de estudo considerada.

Deberase atender as prescricións feitas no PHGC sobre zonas protexidas, así como aos condicionantes establecidos polos organismos competentes.

Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos compren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).



Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41) Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.

No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ao desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ao establecido nos novos artigos que se incorporan ao RDPH: 9bis, relativo ás Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado; 9quater, que establece un Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente; 14bis, no que se establecen as Limitacións de usos do solo na zona inundable.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con



independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas, con sometemento, ao menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádesse que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección. Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádesse que, con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Lexislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acorden en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia, <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/> pódese consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI fluvial.

Aproveitamentos hídricos

Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan as seguintes captacións inscritas na contorna do ámbito de actuación (considerando unha distancia de 500 metros ao redor das obras) dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa:

Clave	Titular	Coord. X (Datum inscripción)	Coord. Y (Datum inscripción)
DH.B15.56917	Concello	543.755	4.775.849
DH.A15.19582	Particular	543.706	4.776.007
DH.B15.56077	SOGAMA	543.433	4.775.310

Destacar, que no caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.



O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar ós afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

Actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico

No caso dos camiños, a drenaxe lonxitudinal e transversal debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa:

"Art.36: Obras de paso de infraestruturas de transporte

1. As pontes ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que a Administración hidráulica de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e das características da propia infraestrutura: tránsito, importancia...

2. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escorregamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e debe xustificarse debidamente ante a Administración hidráulica de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico".

Deberase solicitar a correspondente autorización de obras segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH onde se estableceran tódalas condicións específicas que procedan no exercicio das funcións de tutela que corresponden a Augas de Galicia, así como as modificacións ou prescricións a ter en conta para que o proxecto sexa compatible coa preservación do medio hídrico.

No caso no que novos camiños de acceso ou as modificacións dos existentes se localicen en zona de policía deberase segundo o establecido no artigo 9.4 e 78 do RDPH solicitar autorización administrativa de Augas de Galicia.

Convén engadir que as obras que no seu día se desenvolvan, haberán de cumprir as Condicións particulares deste informe.

Na documentación presentada, explícase que no edificio de control da subestación prevese a instalación dun aseo-vestiario e dunha cociña. Revisada a documentación, na Separata no plano nº2 "Planta General de la Subestación", obsérvase a disposición dun depósito de auga potable e dunha fosa séptica dentro do recinto da subestación.

Por esta Entidade, cómpre lembrar que se se pretende realizar un aproveitamento de augas, deberá solicitar ante este Organismo de Conca, o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, tal e como se sinala nos artigos 54 e 59 do TRLA. Asemade, cómpre lembrar que haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante este Organismo de Conca, de acordo co establecido no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, se se vai empregar para as augas residuais unha depuradora ou unha fosa non estanca, así como localizar axeitadamente na documentación gráfica o punto de vertido e/ou fosa séptica.



Así mesmo, aínda que non se sinala nada ao respecto na documentación examinada, se houbera algún vertido haberá de solicitarse a correspondente autorización de vertido ante esta Entidade, de acordo co establecido no artigo 245 do RDPH.

Condições particulares

Para os traballos a realizar, indicados no documento obxecto de informe, que se desenvolvan dentro do territorio Galicia Costa, en zona de servidume, así como os movementos de terras previstas, disporase de barreiras de retención de sedimentos e entre estas e os cauces disporase un pano de xeotextil chantado ao terreo. Revisaranse periodicamente para repoñelas no caso de deterioro.

Prohíbese acumular sustancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do Dominio Público Hidráulico e/ou de degradación do seu entorno.

Prohíbese o vertido directo ou indirecto de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do Dominio Público Hidráulico sen a correspondente autorización de vertido. Deberase obter a preceptiva autorización para calquera novo punto de vertido á canle que puidera producir contaminación do dominio público hidráulico segundo o art. 245 do RDPH, relativo ás autorizacións de vertidos directos e indirectos.

Débense adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito de maquinaria evitando a erosión e posible arrastre de materiais ata ós leitos.

Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Para o caso de execución dos alicerces e das gabias haberase de considerar non afectar á modificación dos niveles freáticos que puideran alterar captacións existentes aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

No caso da execución dos camiños de servizo, explanación de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras en zona de policía a empresa adxudicataria das obras deberá solicitar a correspondente autorización de obras.

Rematadas as obras, en tódalas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria en zona de policía) procederase á súa rehabilitación ata conseguir a reposición dos terreos ao estado primitivo.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado e presentarse certificado deste traslado ó remate das obras.

Do mesmo xeito haberase de solicitar autorización para a extracción de préstamos en zona de policía de leitos.



Conclusión

Vista a documentación aportada en relación ao **Proxecto do Parque Eólico Monte Inxeiro** no relativo aos aspectos sobre os que se solicita informe, conclúese que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe.

Durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse as directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

Cómpre indicar que o informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela

-A xefa de Área de Autorizacións e Concesións- María C. Beneyto González-Baylín (Sinatura dixital)

-O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico- Roberto Arias Sánchez (Sinatura dixital)

